



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE LUGO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO IMPARTIDA POLO CONCELLO DE LUGO

MEMORIA EXPLICATIVA

Que entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a da promoción do emprego, a formación profesional ocupacional e a formación profesional para o emprego tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Emprego e Igualdade de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de cualificación profesional e promoción da empregabilidade.

Que o Decreto 215/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación competencias en materia laboral e de políticas activas de emprego, formación e colocación.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación para o emprego.

As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranguerá dende a data de sinatura ata o 31 de outubro de 2022.

O convenio ten por obxecto recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través dos itinerarios formativos asociados ás competencias clave e aos certificados de profesionalidade para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos ou as unidades de competencias asociados a cada un destes e o programa formativo poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.





O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación e Colocación
Zeltia Lado Lago

